



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O O CONCELLO DE OUTES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA NAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL DE OUTES NO ANO 2025

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración Local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Outes para a execución do proxecto de mellora nas instalacións da piscina municipal do concello no ano 2025.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Outes o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.





IV. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Outes para a execución do proxecto de mellora das instalacións da piscina municipal do concello no ano 2025.

Actuacións que se van a realizar, segundo o proxecto de mellora das ditas instalacións:

- Equipamento para o ximnasio
- Autómata da maquinaria da piscina
- Cadeira elevadora Vaso piscina para persoas con dificultades de mobilidade

V. Fundamentos do convenio

O ximnasio municipal de Outes , abriu as súas portas en maio de 2007, cunha apertura de luns a sábado durante todo o ano a excepción do mes de agosto que pecha para o seu mantemento anual.

O complexo deportivo da piscina municipal de Outes conta con varias dependencias diferenciadas, pero todas dentro do mesmo edificio, como son 2 salas de actividades, sala de mantemento, sala de ximnasio e o propio vaso da piscina, o que fai que teña un gran número de usuarios, sendo o número medio diario destes de 300 persoas.

Na actualidade, tanto o C.E.I.P. como o I.E.S. Francisco Añón de Outes acceden ás instalacións para dar módulos de educación en convenio co concello. Tamén contan con convenios con varias entidades deportivas e sociais como por exemplo o equipo de Tríatlon que prepara as súas horas de natación na piscina e o "Centro de Día" de Outes que acude unha vez o mes como terapia para os seus usuarios (aínda que a día de hoxe con limitacións debido a mobilidade de algúns dos seus usuarios e a inexistencia de un acceso acorde o vaso da piscina).

A colaboración da Xunta de Galicia neste investimento ven xustificada por ser o fomento de deporte tanto a nivel deportivo como a nivel saúde un dos eixos de actuación da propia entidade, adheríndose o concello de Outes ao programa "Adestra a túa Saúde" da propia Xunta de Galicia, o cal o sitúa como un concello referente no coidado da saúde a través do deporte e adaptado a todas as idades, o que repercute incluso aforro de gasto en menciñas e tratamentos que se aforran co coidado da saúde.

As adquisicións do material que se formula nesta actuación obedecen a tres necesidades:

- as máquinas de CARDIO nunca se renovaron e están bastante deterioradas, ademais de ir a menos pola rotura de algunhas

-a actuación da adquisición de un elevador hidráulico para persoas con mobilidade reducida tamén e necesaria habida conta de que o concello de Outes ten un convenio asinado co Centro de día de Outes para o uso da Piscina municipal os terceiros xoves de cada mes, non podendo ampliar este xa que non dispoñen de estes elementos.





-a renovación do autómata que regula as sondas de temperatura da auga e do aire, as válvulas automáticas das tubaxes, a posta en marcha da caldeira auxiliar, ademais da temperatura da ventilación das distintas salas, que a día de hoxe permitiría ter o control de toda a maquinaria da instalación.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores:

-por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

-por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Outes de afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Outes.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrencia pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.





VI. Importe e aplicación orzamentaria

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de setenta e dous mil cincocentos trinta e nove euros con cincuenta céntimos (72.539,50 €) IVE incluído, segundo o contido do proxecto do Concello.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de **sesenta e cinco mil douscentos oitenta e cinco euros con cincuenta e cinco céntimos (65.285,55€) IVE** incluído, con cargo á aplicación orzamentaria **05.01.121A.760.0**, (código de proxecto **2015 00088**). Esta cantidade representa o 90 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

O concello de Outes, achegará o 10 % do importe total do proxecto, que ascende a **sete mil douscentos cincuenta e tres euros con noventa e cinco céntimos (7.253,95 €)** IVE incluído, da correspondente partida dos seus orzamentos.

VII. Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

